



PLAN DIXITAL

CRA de Meis

Aula de San Lourenzo

xuño 2022

Índice do Plan Dixital

1. Introdución

- 1.1. Datos básicos do centro
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3. Breve xustificación do mesmo
- 1.4. Proceso de elaboración

2. Situación de partida

- 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3. Análise DAFO

3. Plan de Acción

- 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

4. Avaliación do PD

5. Difusión do PD

1. Introducción

1.1 Datos básicos do centro

O presente documento elabórase para o CRA de Meis, un centro da provincia de Pontevedra de titularidade pública dependente da Consellería de Educación situado, como o seu nome indica, no concello de Meis, na parroquia de San Lourenzo e na aldea de Rialdonio, número 19.

A estrutura do centro é diferente á de un colexio convencional, pois componse de 6 escolas de Educación Infantil con 7 aulas funcionando. Nestes momentos, o centro escolariza a 79 alumnos e alumnas de todo o segundo ciclo de Infantil.

O equipo docente do CRA está formado por 13 mestres definitivos (7 titoras, 1 mestre de psicomotricidade, 1 mestre de linguaxe musical, 1 mestre de lingua estranxeira, 2 mestras de apoio, e 1 mestra de audición e linguaxe) e 2 mestras itinerantes (1 orientadora e 1 mestra de relixión).

A aula de San Lourenzo componse dun total de 13 alumnos/as e a súa profesora titora, Laura Paz Ursa, e os especialistas antes mencionados, tendo a súa páxina web propia no enderezo na web:

<https://www.edu.xunta.gal/centros/crameis/taxonomy/term/22>

A páxina web do CRA é <http://www.edu.xunta.gal/centros/crameis>

1.2 Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

En canto ás características socioeconómicas, subliñar que a maioría das familias traballan no sector agropecuario e na construción, pero aparte diso, a economía familiar complementase co cultivo e posterior venda de uvas, así como co autoabastecemento de produtos da horta, e en moitos casos, de carne. Tamén é importante destacar que moito do noso alumnado vive na mesma casa cos proxenitores e cos avós, sendo un recurso para as familias as pagas por xubilación, que achegan unha fonte de ingresos segura e estable. Ademais, en moitos casos o

alumnado, está a ser atendido directamente polos avós, debido ó horario laboral dos seus proxenitores.

En canto ás características culturais é importante sinalar dentro da vida cultural e de ocio para os rapaces e rapazas, o labor desenvolto dende o Concello ou dende a Biblioteca, xa que ambos organizan actividades de todo tipo: contacontos, xadrez, actividades musicais, etc. Tamén actividades deportivas, especialmente fútbol e/ou tenis.

Contribución do Plan Dixital ao Proxecto Educativo e a outros plans e proxectos de centro: A finalidade dun centro educativo é que o alumnado aprenda, se forme e se desenvolva como individuo da sociedade na que vive. En consecuencia, a propia organización vai mellorando a través de súa práctica e da reflexión sobre ela, así como das relacións que establece co seu contorno. O Plan Dixital de Centro debe encaixar no contexto institucional máis amplo que ven recollido en outros documentos institucionais, como o Proxecto Educativo de Centro ou a Programación Xeral Anual e ambos documentos deben estar en total consonancia e ser complementarios.

A traxectoria do centro no ámbito das novas tecnoloxías comeza dende fai uns anos impulsada a través do Plan Proxecta Nos tamén creamos! onde nos iniciamos no mundo audiovisual acadando moi bos resultados. Máis tarde e a través do Plan de Mellora de Bibliotecas Escolares, creouse un maker space, un laboratorio audiovisual, que a día se hoxe segue funcionando con notable éxito. Hai que destacar que debido á pandemia este espazo non se utilizou tanto como desexaríamos. A día de hoxe tamén participamos no Contrato-Programa Calidade, que está integramente relacionado coas Tics.

1.3 Breve xustificación do mesmo

A **Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación**, regula diferentes aspectos relacionados coa competencia dixital e a innovación educativa, así no **artigo 121** establece que o proxecto educativo do centro recollerá, entre outros aspectos, a estratexia dixital do centro, de acordo co establecido no **artigo 111 bis**, no que se establece que as Administracións educativas e os equipos directivos dos centros promoverán o uso das tecnoloxías da información e a comunicación (TIC) na aula

como medio didáctico apropiado e valioso para levar a cabo as tarefas de ensino e aprendizaxe, utilizando os marcos de referencia da competencia dixital que orienten a formación inicial e permanente do profesorado e faciliten o desenvolvemento dunha cultura dixital nos centros e nas aulas.

O **artigo 132** da devandita Lei establece como competencias dos directores e directoras, entre outras, exercer a dirección pedagóxica, promover a innovación educativa e impulsar plans para a consecución dos fins do proxecto educativo do centro; e fomentar a cualificación e formación do equipo docente, así como a investigación, a experimentación e a innovación educativa no centro.

A **disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021**, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional (DOG 30 de xuño), pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato no curso académico 2021-2022, e na **disposición adicional terceira da Resolución do 18 de xuño de 2021**, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de formación profesional do sistema educativo no curso 2021- 2022 sinala que os centros docentes elaborarán no curso 2021-2022 o seu Plan Dixital de acordo coas instrucións que se diten

E xa por último, a **Resolución do 3 de setembro de 2021**, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que ditan instrucións para o deseño, elaboración do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022, ten por obxecto establecer as medidas de actuación relativas ao deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital para o curso 2021-2022, nos centros docentes sostidos con fondos públicos correspondentes ao ámbito de xestión da Comunidade Autónoma de Galicia.

1.4 Proceso de elaboración

Para elaborar este Plan formouse un grupo de traballo composto polo equipo directivo, xa que o noso centro ten menos de oito unidades. Unha vez constituído o grupo de traballo trasladáronse indicacións ao claustro:

1º Primeiro fíxose unha análise e diagnose da situación do centro, para iso o claustro cubriu as enquisas do Test Selfie para saber a Competencia Dixital dos docentes do centro.

2º Despois con todos eses datos trazouse a DAFO do centro (Dificultades, Ameazas, Fortalezas e Oportunidades)

3º Unha vez analizada a DAFO, elaborouse o Plan de Acción, que consta dunha serie de obxectivos a alcanzar o curso que vén, así como as actuacións necesarias para acadar ditos obxectivos. Este Plan de Acción foi revisado e aprobado polo Claustro.

4º E por último, con todos estes documentos comezamos a elaborar o Plan Dixital.

2. Situación de partida

2.1 Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

Para que a tecnoloxía poida contribuír a potenciar o proceso de ensino-aprendizaxe é necesario que a infraestrutura dixital do centro estea operativa e sexa fiable e segura.

Neste caso, o centro conta cunha *infraestrutura dixital* adecuada; a **conectividade** é aceptable en tódalas aulas xa que o CRA está incluído dentro do programa escolas conectadas, e polo tanto a conexión é rápida e sen fíos, salvo no equipo de dirección, que debido á antigüidade deste, non pode conectarse á Wifi. Ademais, tódalas aulas contan cun punto de acceso á Wifi, incluída a sede, a biblioteca e a aula de Xuntanzas.

A **dotación** do centro é bastante ampla, xa que se foron repoñendo equipos segundo as necesidades do centro, pero a pesar diso hai algúns equipos que compre renovar e moitas veces, debido aos roubos que suceden nas aulas, fai que teñamos que retirar equipos dun departamento para suplir a demanda creada, mentres non chega un equipo de repostado da Consellería (aspecto que soe tardar anos). Polo tanto, o centro dispón do seguinte **equipamento**:

AULA SAN LORENZO:

Encerado Dixital

Canón proxector

Ordenador portátil

Altofalantes de son

Robot

SEDE:

Ordenador de sobremesa dirección

Ordenador portátil secretaria e monitor

2 portátiles na sala de profes para uso dos
docentes

1 portátil para uso da mestra de Audición e
Linguaxe

1 Ipad do Departamento de Orientación

Un mini proxector

Cámara de fotos

2 focos de luz negra

BIBLIOTECA:

Ordenador de sobremesa

Multifunción

Ordenador portátil obsoleto, a tarxeta de son
non lle funciona.

Tablet pequena

Encerado Dixital

Canón proxector

2 altofalantes pequenos (xogo de 2)

AULA XUNTANZAS:

Encerado Dixital

Canón proxector

Ordenador portátil

2 Altofalantes de son grandes

Mesa de son pequena

Lector de documentos

Panel Croma

RADIO NA BIBLIO:

Ordenador portátil

Ipad

Mesa de son mediana

Lector de CD

5 micros de mesa

5 auriculares

2 micros para actuacións

Equipo de 2 micros inalámbricos con
receptor

2 altofalantes pequenos azuis

1 reprodutor/mestrador de CD

1 distribuidor de sinais de audio estéreo

Altofalantes 2.1

Cables e adaptadores

Robot

Cámara de vídeo

2 focos portátiles para vídeo/fotografía

2 focos de fotografía de luz estática (un sen lámpada)

1 Pantalla de ordenador de sobremesa de Lenovo

Trípode de cámara con adaptador para Ipad

Torre de ordenador de sobremesa Dell

2 multifunción HP

EN ALMACÉN:

1 multifunción Canón

Radio JVC con conexión USB e de saída

2 teclados Dell con lector de tarxetas

Radio Bluesky

1 teclado HP

En canto aos **servizos dixitais**, o centro dispón de varias plataformas e servizos dixitais para a comunicación entre a administración e o profesorado, entre os membros do Claustro e entre o profesorado e as familias. Ben é certo, que con frecuencia esta variedade de medios entorpece a capacidade para acceder a información, pero non é posible prescindir de ningún deles.

Como medio de comunicación entre a administración e o profesorado e como ponte de enlace entre a Consellería de Educación e o equipo directivo e/ou o profesorado, dispoñemos do correo corporativo da Xunta co dominio edu.xunta.gal

Tamén dispoñemos dunha carpeta en [Google Drive](#) para compartir material, información de interese e recursos entre o profesorado do centro.

No caso de ter que comunicarnos coa familia para transmitir algún tipo de información referente a calquera aspecto relevante ao desenvolvemento da actividade educativa, dispoñemos do servizo de mensaxería [Abalar](#).

Outras plataformas e servizos son os seguintes:

- **Páxina web do centro**: plataforma oficial na cal se recolle información de interese sobre o centro e as súas actividades.
- **Facebook do centro**: app para dar visibilidade ao traballo do centro así como transmitir información de interese ás familias.
- **Twitter da Biblioteca**: app para dar visibilidade ao traballo de biblioteca.
- **Pinterest da biblioteca**: app na cal se plasman as últimas novidades adquiridas pola biblioteca así como propostas de compra.

- **Trello:** app para organización interna do profesorado.
- **Xade:** app de xestión administrativa do alumnado e do profesorado.

En canto ao **mantemento do equipamento dixital do centro**, a Consellería pon a disposición do centro a UAC para resolver as incidencias que poidan xurdir. Despois en canto ao mantemento xeral, nas NOFC do centro recóllese o seguinte:

É responsabilidade de cada titoría o correcto mantemento do canón. Ao comezo e remate de curso cada titora deberá realizar a limpeza dos filtros deste con un pincel, así como limpar a carcasa con alcohol.

De igual forma haberá que facer un control e mantemento das impresoras, realizando regularmente limpeza de inxectores e cabezais.

Se algún dispositivo non funciona correctamente é de obriga notificar a incidencia á UAC para que podan arranxar ou dar solución ó problema. En caso de que non se fagan cargo do arranxo ou non teña solución, deberase notificar ao equipo directivo.

Hai que comprobar ao final e ó inicio de curso o correcto funcionamento de todos os dispositivos electrónicos. De existir algunha anomalía, débese poñer en marcha o máis rapidamente os protocolos citados.

Ao remate de curso, os ordenadores portátiles deberán quedar na sede, previa comprobación do seu correcto funcionamento, centrándose en que os ordenadores teñan o software axeitado e en correcto funcionamento, e teñan libres de virus. Os mestres que deixen o centro, deberán deixar o ordenador libre de documentos.

Cada mestre é responsable do ordenador que ten ao seu cargo. Os ordenadores portátiles pódense levar do centro á casa rematada a xornada escolar, si é necesario para preparar material didáctico, mais ó día seguinte deberá estar de volta sempre na aula, no caso das titorías. Calquera tipo de incidente co ordenador fóra do centro, caso de roubo ou rotura, será responsabilidade do mestre ó cargo do mesmo, tendo que facerse cargo da súa reparación ou reposición no centro.

Os ordenadores de aula deben estar dispoñibles en todo momento para o seu uso polo profesorado que teña que dar docencia na mesma, polo que se debe facer un uso axeitado dos mesmos e ter certa competencia a nivel usuario no seu manexo.

Algunhas medidas que se deben adoptar son:

- O escritorio debe estar libre de iconas e documentos (só poderá ter os accesos directos mínimos e necesarios).*
- Non se instalará software que non sexa de uso exclusivamente didáctico.*
- Será prioritario o uso do mozilla firefox como motor de busca na web, así mesmo procurarase que os buscadores funcionen correctamente.*
- Todos os ordenadores deberán ter instalado google drive coas correspondentes carpetas de centro compartidas (a non ser que se estableza outra aplicación para compartir documentos na nube). O profesorado que non teña conta nesta aplicación, deberá crear un perfil e facilitarlló ó coordinador de TIC, para que poida incluíla no acceso ás carpetas que o centro e as aulas terán compartidas.*
- Procurarase seguir os protocolos de mantemento dos equipos e sistemas informáticos que deberá proporcionar o equipo de TIC.*
- Se os portátiles están enchufados, a batería deberá estar previamente sacada, para poder así conservar durante máis tempo a súa rendibilidade.*

E xa para rematar, en canto aos **documentos de centro relacionados coas TICs**, hai que subliñar que tódolos anos o coordinador TIC elabora un documento, o Plan TIC, que se inclúe dentro da Programación Xeral do Centro, no cal se recollen os obxectivos e as liñas prioritarias de actuación así como os criterios e os procedementos de avaliación.

Tamén, nos últimos dous anos e debido á pandemia, no centro elaborouse o Plan de Continxencia, no cal se recollen as actuacións a levar a cabo no caso de que a actividade lectiva teña que ser non presencial. Dito plan pode consultarse no seguinte enlace: <http://www.edu.xunta.gal/centros/crameis/node/1183>

2.1. Fontes empregadas para a análise DAFO

2.1.1 SELFIE

A través da web oficial da Unión Europea, empregouse a esta aplicación de diagnose de persoal docente e alumnado. A través do rexistro nesta páxina, ademais das cuestións predeterminadas, incluíronse preguntas xerais e concretas para o centro.

Os resultados desta autoavaliación recóllense a continuación: Para realizar a análise DAFO do centro, o primeiro que se fixo foi unha autoavaliación a través da ferramenta **SELFIE**. Os resultados móstranse no seguinte cadro:

Areas	Grupos	Infantil
A -Liderado	Equipo Direct.	3.3
	Profesorado	3.1
B- Colaboración e redes	Equipo Direct.	1.6
	Profesorado	2.7
C- Infraestruturas e Equipos	Equipo Direct.	2.8
	Profesorado	2.8
D- Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Direct.	2.2
	Profesorado	3.1
E- Pedagogía: Apoio e Recursos	Equipo Direct.	3.8
	Profesorado	3.4
F- Pedagogía: Implementación na aula	Equipo Direct.	3.4
	Profesorado	2.9
G- Prácticas de avaliación	Equipo Direct.	2.4
	Profesorado	2.7
H- Competencias dixitais do alumnado	Equipo Direct.	3
	Profesorado	1.7

2.1.2 Test CDD

A través da aplicación FProfe desenvolveuse entre a comunidade docente unha enquisa do nivel de competencia dixital do profesorado.

Ademais, gran parte do profesorado do centro participou na enquisa do **Test de Competencia Dixital Docente (Test CDD)**. Este informe ofreceunos resultados agrupados da autorreflexión do profesorado que participou no test, así como do seu nivel de competencia dixital orientativo para poder planificar a formación futura do profesorado no ámbito dixital.

Participación segundo perfil do profesorado (*apartado 1.3 test CDD*)

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
DEFINITIVO	9	12	75%
PROVISIONAL	<u>1</u>	<u>1</u>	100%
SUBSTITUTO	<u>0</u>	<u>2</u>	<u>0%</u>

Puntuación e nivel de competencia do centro (*apartado 2.1 test CDD*)

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
57.4	Explorador/a (A2)	76.4	Integrador/a (B1)

Puntuación e nivel de competencia por etapas (*apartado 2.2 test CDD*)

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
INF.	57.4	Explorador/a (A2)	68.2	Integrador/a (B1)

Distribución do profesorado por niveis (*apartado 3 test CDD*)

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
Explorador/a A2	9	90%
Integrador/a B1	1	10%
TOTAL	10	100%

2.2. Análise DAFO

A partir do Informe SELFIE e do Test CDD, o centro xerou unha análise DAFO que nos permitiu coñecer a realidade do centro no eido dixital, así como facilitar a elaboración das liñas fundamentais do Plan Dixital en termos de obxectivos e accións a desenvolver.

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO	<ul style="list-style-type: none"> -No noso centro a infraestrutura dixital respalda o ensino aprendizaxe con tecnoloxías dixitais. -No noso centro existen dispositivos dixitais que podemos utilizar na nosa labor docente. -No noso centro facilítase o acceso a internet para o ensino aprendizaxe. -No noso centro dispónse de asistencia técnica cando xorden problemas coas tecnoloxías dixitais. -No noso centro existen sistemas de protección de datos. -No noso centro hai dispositivos dixitais que son propiedade do centro ou están xestionados por él e que o alumnado pode utilizar cando os necesita. -No noso centro, os espazos físicos facilita o ensino aprendizaxe con tecnoloxías dixitais. -Resolución de incidencias técnicas. 	<ul style="list-style-type: none"> -No noso centro colaboramos con outros centros e/ou organizacións para apoiar o uso das tecnoloxías dixitais. -O noso centro posúe e administra dispositivos portátiles que o alumnado pode levar á casa en caso de que sexa necesario. -No noso centro temos medidas para identificar os retos que xorden co aprendizaxe mixto, relacionados coas necesidades de aprendizaxe do alumnado e o seu contexto socioeconómico. -No noso centro contamos cun plan para axudar ao profesorado a abordar os retos que xorden co aprendizaxe mixto, relacionados coas necesidades de aprendizaxe dos estudantes e o seu contexto socioeconómico. -No noso centro o alumnado pode traer os seus propios dispositivos portátiles e utilízaos durante as clases. -No noso centro, o alumnado con necesidades educativas especiais ten acceso á tecnoloxías asistenciais. -No noso centro existen repositorios ou bibliotecas en liña que conteñen materiais de ensino aprendizaxe. -Características do software instalado nos equipos. -Características das plataformas e aplicativos online utilizados.
	PERSOAL DOCENTE	<ul style="list-style-type: none"> -O noso centro noso centro involucra ao profesorado no desenvolvemento da estratexia dixital do centro. -No noso centro debatemos sobre as vantaxes e desvantaxes do ensino aprendizaxe coas tecnoloxías dixitais. -No noso centro reflexiónase sobre as nosas necesidades de DPC no relativo ao ensino con tecnoloxías dixitais. -No noso centro axúdase a intercambiar experiencias dentro da comunidade educativa sobre o ensino con tecnoloxías dixitais. -Participación en proxectos interdisciplinares. -Iniciativas para afrontar necesidades de formación profesional continua do profesorado. -Creación de recursos educativos dixitais. 	<ul style="list-style-type: none"> -Tempo do que dispón o profesorado para explorar novas modalidades de ensino. -Participación do profesorado en redes colaborativas profesionais. -Formación sobre novas modalidades de aprendizaxe do uso da tecnoloxía dixital. -Extensión e promoción entre o profesorado de innovacións educativas. -Incorporación por parte do profesorado de tecnoloxías dixitais para a avaliación. -Utilización de recursos dixitais para observar e documentar os progresos.

		-Adopción de innovacións educativas por parte do profesorado.	
ALUMNADO		<ul style="list-style-type: none"> -O noso centro utiliza tecnoloxías dixitais para adaptar o método de ensino ás necesidades individuais do alumnado. -O noso centro utiliza tecnoloxías dixitais para fomentar a creatividade do alumnado. -No noso centro realízanse actividades dixitais que implican ao alumnado. -No noso centro utilízanse tecnoloxías dixitais para facilitar a colaboración entre o alumnado. -No noso centro foméntase a participación do alumnado en proxectos interdisciplinarios empregando tecnoloxías dixitais. -No noso centro utilízanse tecnoloxías dixitais para que o alumnado reflexione sobre a súa aprendizaxe. -No noso centro utilízanse tecnoloxías dixitais para que o alumnado poida realizar observacións sobre o traballo dos seus compañeiros. -No noso centro asegúrase que o alumnado desenvolva habilidades dixitais para diferentes maneiras. 	<ul style="list-style-type: none"> -No noso centro utilízanse tecnoloxías dixitais para facilitar a retroalimentación adecuada (feedback) ó alumnado. -No noso centro o alumnado aprende a crear contidos dixitais. -No noso centro o alumnado aprende a comunicarse empregando tecnoloxías dixitais. -No noso centro o alumnado aprende a codificar ou programar. -No noso centro o alumnado aprende a resolver problemas técnicos que xorden ao empregar tecnoloxías dixitais. -Participación do alumnado na autoavaliación e coavaliación empregando ferramentas dixitais. -Habilidades dixitais adquiridas polo alumnado en diferentes materias. -Competencia por parte do alumnado para codificar, programar en relación ás tecnoloxías dixitais. -Competencia por parte do alumnado para a resolución de problemas técnicos dos dispositivos dixitais.
FAMILIAS			<ul style="list-style-type: none"> -Uso activo e creativo de aulas virtuais. -O noso centro valora as habilidades dixitais que o alumnado desenvolve fóra do centro educativo.
OFERTA		<ul style="list-style-type: none"> -Existencia dunha estratexia dixital. -Utilización no centro de equipos dixitais propiedade do alumnado. -O noso centro facilita que o alumnado utilice tecnoloxías dixitais para documentar a súa aprendizaxe. 	<ul style="list-style-type: none"> -No noso centro utilizamos tecnoloxías dixitais ao colaborar con outras organizacións. -Existencia de canles de comunicación entre as diferentes etapas do centro. -Existencia de estratexias de comunicación con outros centros educativos. -Tipoloxía da oferta educativa do centro (por exemplo familias de FP) -Transformación da práctica docente co uso da ferramentas dixitais. -Incorporación nas diferentes materias de conceptos como a verificación da calidade da información, comportamento seguro e responsable do alumnado na Internet etc. -Utilización de plataformas dixitais promovidas pola administración educativa. -Diversidade da competencia dixital.
ORGANIZACIÓN DO CENTRO		<ul style="list-style-type: none"> -No noso centro contamos cunha estratexia dixital. -O noso centro apoia ao profesorado para que explore novas formas de ensino coas tecnoloxías dixitais. -No noso centro búscanse recursos educativos dixitais en liña. -No noso centro créanse recursos dixitais para reforzar o método de ensino. -No noso centro empréganse contornos virtuais de aprendizaxe co alumnado. 	<ul style="list-style-type: none"> -No noso centro temos tempo para explorar como mellorar o noso método de ensino coas tecnoloxías dixitais. -No noso centro avaliamos os nosos progresos en materia de ensino aprendizaxe con tecnoloxías dixitais.No noso centro avaliamos os nosos progresos en materia de ensino aprendizaxe con tecnoloxías dixitais. -No noso centro utilízanse tecnoloxías dixitais para avaliar as habilidades do alumnado.

		<ul style="list-style-type: none"> -No noso centro utilízanse recursos educativos abertos. -O noso centro utiliza datos dixitais sobre alumnos/as concretos/a s para mellorar a súa experiencia de aprendizaxe. -Tratamento das licenzas e dereitos de autoría -Política de protección de datos. -Creación de espazos para compartir recursos educativos dixitais. 	<ul style="list-style-type: none"> -No noso centro axudamos a utilizar tecnoloxías dixitais para fins de avaliación. -Dinámicas para reflexionar sobre o uso da tecnoloxía. -Dinámicas para reflexionar sobre o uso de recursos dixitais (tratamento da imaxe, protección de dereitos, licenzas, software libre, plaxio etc)
--	--	---	---

EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CATEGORÍAS	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA	<ul style="list-style-type: none"> -Achegas económicas que recibe o centro. -Existencia de proxectos externos. -Actuacións da administración educativa. -Dotación de equipamento tecnolóxico. 	<ul style="list-style-type: none"> -No noso centro o alumnado aprende a actuar de maneira responsable en internet. -No noso centro o alumnado aprende a comprobar se a información que encontra en internet é fiable e precisa. -No noso centro o alumnado aprende a dar crédito ó traballo doutras persoas que atopou en internet. -Oferta de actividades formativas e as condicións para a participación.
	LEXISLACIÓN	<ul style="list-style-type: none"> -No noso centro respectamos os dereitos de autor e as licenzas de uso ao utilizar tecnoloxías dixitais para o ensino aprendizaxe. -Lexislación educativa. -Lexislación non educativa que afecta ao sistema educativo. 	<ul style="list-style-type: none"> -No noso centro o alumnado aprende a actuar de maneira segura en internet.
	CONTORNA	<ul style="list-style-type: none"> -No noso centro utilízanse tecnoloxías dixitais para a comunicación relativa ó centro educativo. -Estabilidade laboral do persoal docente. -Colaboración con institucións alleas ao centro educativo. -Acceso do alumnado a dispositivos dixitais fóra do centro educativo. 	<ul style="list-style-type: none"> -Condicións socioeconómicas da contorna.
	ANPA	<ul style="list-style-type: none"> -Relación coa/a ANPA/s. 	<ul style="list-style-type: none"> -Participación das familias.
	OUTRAS ENTIDADES	<ul style="list-style-type: none"> -Relación con persoas que non forman parte da comunidade educativa. 	<ul style="list-style-type: none"> -Estabilidade laboral do persoal non docente.

3. Plan de Acción

Unha vez definido o noso horizonte (cara onde queremos que vaia o noso centro educativo) e analizada a situación de partida, chega o momento de definir o Plan de Acción. Tanto o traballo de análise dos datos do informe SELFIE, e a análise da DAFO do centro, como o deseño do Plan de Acción foi realizado por un grupo de traballo composto polo equipo directivo e supervisado en todo momento polo responsable Tic do centro e polos demais membros do claustro.

Unha vez analizada a información e identificadas as áreas de mellora, o deseño das actuacións do Plan Acción supuxo a realización dos seguintes pasos:

- Determinar os obxectivos que imos seguir. Estes obxectivos teñen que ser:
 - Específicos, é dicir, deben ser o máis concretos posibles. A lectura do obxectivo por parte de calquera membro do claustro debe permitir entender exactamente qué se pretende facer e como.
 - Medibles: Deben responder a metas cuantificables. Se o obxectivo non é medible non podemos saber cando o conseguiremos.
 - Realizables, é dicir, poden e deben ser ambiciosos, pero posibles.
 - Realista: Debemos plantexarnos obxectivos que estean dentro das nosas posibilidades (tanto polos recursos dispoñibles como pola motivación para logralos).
 - Definidos no tempo: Isto facilitaranos identificar as etapas que nos permitirán chegar a eles.

- Definir os indicadores que permitirán avaliar a consecución ou non dos obxectivos. Os indicadores deben responder a escalas numéricas, e deben ir acompañados dun valor obxectivo ou meta que é o que nos marcamos segundo ao obxectivo ó que fan referencia.

- Definir accións (polo menos para cada ámbito) necesarias para alcanzar os obxectivos. As accións incluirán:
 - Recursos (humanos, materiais e económicos) necesarios para levalos a cabo.
 - Prazo de execución.

A continuación, detallaremos a relación de actuacións a levar a cabo en cada ámbito para acadar os obxectivos. Ademais incluiremos tanto a descrición detallada das accións, como os recursos necesarios, persoas implicadas, responsables e temporalización.

3.1 Obxectivos, indicadores e accións

Áreas de mellora: Liderado (A2)							
OBXECTIVO 1:	Utilizar as plataformas dixitais promovidas pola administración educativa: Abalar				Acadado		
Responsable:	Equipo directivo				Non acadado		
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:	Porcentaxe de profesorado que realizan as comunicación ás familias a través do sistema Abalar						
Valor de partida:	5% do profesorado emprega Abalar						
Valor previsto e data:	60% do profesorado emprega Abalar			Final de curso 22/23			
ACCIÓNS A DESENVOLVER							
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN			
				VALORACIÓN DA ACCIÓN		ESTADO	
AO1.1: Formar e mentorizar ao profesorado sobre o emprego de Abalar	Equipo Directivo	1º Trimestre			Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
AO1.2: Potenciar o uso de Abalar mediante o envío de notificacións periódicas	Claustro	2º Trimestre	Dispositivos móbiles		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		

Áreas de mellora: Colaboración en redes (B3)

OBXECTIVO 2:	Aumentar o emprego da páxina web do centro para a comunicación co exterior			Acadado		
Responsable:	Equipo directivo			Non acadado		
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:	Porcentaxe de profesorado que emprega a páxina web					
Valor de partida:	15% do profesorado emprega a páxina web					
Valor previsto e data:	80% do profesorado emprega a páxina web			Final de curso 22/23		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO2.1: Formar ao profesorado na creación de entradas na páxina web	Equipo Directivo	1º Trimestre			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO2.2: Dinamizar e potenciar o uso da páxina web mediante a exposición de diversas informacións.	Claustro	2º Trimestre	Páxina web.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Áreas de mellora: Infraestructuras e Equipamento (C6)

OBXECTIVO 3:	Administrar a cesión e o emprego dos dispositivos dixitais do centro			Acadado		
Responsable:	Persoa coordinadora das Tics			Non acadado		
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:	Porcentaxe de dispositivos cedidos ás aulas					
Valor de partida:	10% de dispositivos utilizados polas aulas					
Valor previsto e data:	60% de dispositivos utilizados polas aulas			Final de curso 22/23		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO3.1: Determinar que dispositivos se poderán ceder ás aulas.	Equipo Tics	1º Trimestre			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO3.2: Elaborar un rexistro pormenorizado dos dispositivos cedidos.	Persoa coordinadora das Tics	2º Trimestre	Rexistro elaborado.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Áreas de mellora: Infraestructuras e Equipamento (C13)							
OBXECTIVO 4:	Dar a coñecer a biblioteca en liña ás familias “E-LBE.2”					Acadado	
Responsable:	Persoa coordinadora da Biblioteca Escolar					Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:	Número de familias que acceden a este servizo						
Valor de partida:	0 familias que acceden á biblioteca en liña						
Valor previsto e data:	20 familias que acceden á biblioteca en liña				Primeiro trimestre		
ACCIÓNS A DESENVOLVER							
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMENTO DA ACCIÓN			
				VALORACIÓN DA ACCIÓN		ESTADO	
AO4.1: Realizar unha charla informativa para as familias.	Equipo Biblioteca	1º Trimestre				Realizada	
						Aprazada	
						Pendente	
AO4.2: Elaborar trípticos informativos explicando que é “E-LBE.2” e como acceder.	Equipo Biblioteca	1º Trimestre	Trípticos elaborados.			Realizada	
						Aprazada	
						Pendente	
AO4.3: Realizar unha enquisa destinada ás familias para valorar o emprego deste recurso.	Persoa coordinadora da Biblioteca	3º Trimestre	Enquisa creada.			Realizada	
						Aprazada	
						Pendente	

Áreas de mellora: Desenvolvemento profesional continuo (D3)

OBXECTIVO 5:	Favorecer o intercambio de experiencias, no ámbito dixital, tanto dentro da comunidade educativa coma dentro de AMCRAGA		Acadado
Responsable:	Dirección		Non acadado
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:	Número de experiencias que se intercambiaron durante o curso		
Valor de partida:	0 experiencias intercambiadas		
Valor previsto e data:	4 experiencias intercambiadas	Final de curso 22/23	

ACCIÓNS A DESENVOLVER

DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN	
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO
AO5.1: Averiguar experiencias que se están a levar a cabo noutros centros ou CRAs.	Dirección	1º Trimestre	Congresos, cursos, redes sociais, webs doutros centros...		Realizada
					Aprazada
					Pendente
AO5.2: Divulgar ou participar en intercambios de experiencias de profesorado doutros centros ou CRAs.	Dirección	2º e 3º Trimestre	Profesorado que participe nos intercambios		Realizada
					Aprazada
					Pendente

Áreas de mellora: Pedagogía: apoios e recursos (E1)

OBXECTIVO 6:	Elaborar estratexias que permitan ao profesorado actuar de xeito seguro en internet			Acadado		
Responsable:	Persoa coordinadora de Tics			Non acadado		
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:	Aplicar un protocolo de uso seguro da rede					
Valor de partida:	Non aplica					
Valor previsto e data:	75% de aplicación do protocolo			Final de curso 22/23		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO6.1: Crear un protocolo investigando.	Equipo de Tics	1º Trimestre	Equipo informático.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO6.2: Crear unha infografía con toda a información.	Equipo de Tics	2º Trimestre	Software específico		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO6.3: Posta en práctica do protocolo á hora de crear actividades.	Titorías	3º Trimestre	Elaboración de materiais		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Áreas de mellora: Pedagogía: apoios e recursos (E2)

OBXECTIVO 7:	Crear recursos dixitais para reforzar o método de ensino na etapa de infantil			Acadado		
Responsable:	Persoa coordinadora de Ciclo			Non acadado		
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:	Número de recursos creados polo profesorado					
Valor de partida:	0 recursos dixitais creados polo profesorado					
Valor previsto e data:	4 recursos dixitais creados polo profesorado			Final de curso 22/23		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO7.1: Crear recursos dixitais adaptados ao alumnado de Educación Infantil	Equipo de Ciclo	1º, 2º e 3º Trimestre	Programas específicos.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO7.2: Colgar na páxina web recursos dixitais adaptados ao alumnado infantil creados polo profesorado.	Equipo de Ciclo	1º, 2º e 3º Trimestre	Recursos creados.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Áreas de mellora: Pedagogía: Implementación na aula (F)

OBXECTIVO 8:	Adaptar as actividades de aprendizaxe ao alumnado neae empregando ferramentas dixitais.			Acadado		
Responsable:	Persoa responsable de Audición e Linguaxe			Non acadado		
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:	Número de actividades adaptadas ao alumnado neae					
Valor de partida:	0 actividades adaptadas					
Valor previsto e data:	4 actividades adaptadas			Final de curso 22/23		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO8.1: Convocar reunión do DO co profesorado implicado para seleccionar as actividades nas que se fará a adaptación.	Departamento de Orientación	1º Trimestre	Expediente do alumnado Programacións		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO8.2: Adaptar actividades ás necesidades.	Persoa responsable de Audición e Linguaxe	1º, 2º e 3º Trimestre	Software específico		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO8.3: Implementar as actividades na aula.	Persoa responsable de Audición e Linguaxe	1º, 2º e 3º Trimestre	Tablet+		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Áreas de mellora: Prácticas de Avaliación (G1)

OBXECTIVO 9:	Utilizar as tecnoloxías dixitais para avaliar as habilidades do alumnado en base ao novo currículo.			Acadado		
Responsable:	Persoa coordinadora de Ciclo			Non acadado		
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:	Número de criterios de avaliación creados para cada área					
Valor de partida:	0 criterios de avaliación creados para cada área					
Valor previsto e data:	5 criterios de avaliación creados para cada área			Final de curso 22/23		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO9.1: Creación dun grupo de traballo interno para deseñar os novos criterios de avaliación	Equipo de Ciclo	1º Trimestre			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO9.2: Publicación e posta en práctica dos novos criterios de avaliación. Revisión, se é o caso.	Equipo de Ciclo	1º, 2º e 3º Trimestre	Acta das reunións. Criterios de avaliación.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Áreas de mellora: Competencias dixitais do alumnado (H6)

OBXECTIVO 10:	Utilizar a radio co alumnado de 6º de Infantil para aprender a comunicarse			Acadado		
Responsable:	Persoa coordinadora das Tics			Non acadado		
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:	Número de programas de radio creados					
Valor de partida:	0 programas de radio creados					
Valor previsto e data:	5 programas de radio creados			Final de curso 22/23		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO10.1: Formar ao alumnado no uso da radio	Equipo de Xuntanzas	1º Trimestre	Radio		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO10.2: Crear grupos de traballo e concretar os programas a desenvolver	Equipo de Xuntanzas	1º, 2º e 3º Trimestre	Radio		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO10.3: Elaborar os programas de radio	Equipo de Xuntanzas	1º, 2º e 3º Trimestre	Radio		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

3.2 Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

En canto as necesidades do centro, podemos distinguir necesidades de equipamento e necesidades de infraestrutura dixital:

-A nivel de infraestrutura dixital non se aprecia ningunha necesidade xa que tódalas aulas dispoñen de conexión sen fíos

-A nivel de equipamento detectamos as seguintes necesidades:

- Equipo para uso na sala de profesorado: necesítase un ordenador portátil xa que o que hai agora está obsoleto.
- Posto de traballo de xestión e administración do centro: precísase un ordenador de sobremesa para o posto de dirección, o que hai é antiquísimo.
- Uso na biblioteca: precísase un ordenador portátil para consulta por parte do alumnado e das familias, o que hai está obsoleto e non lle funciona a tarxeta gráfica.
- Aulas dixitalizadas: tódalas aulas do CRA (salvo a de Xuntanzas e a Biblioteca) precisan renovación das Pantallas Dixitais Interactivas posto que son da primeira remesa que colocou a Xunta fai moitos anos.
- Aulas dixitalizadas: tódalas aulas do CRA (salvo Xuntanzas, Biblioteca e San Vicente) precisan renovación de canóns para a proxección, posto que os que están colocados son antiquísimos e a calidade é moi baixa.
- Aulas dixitalizadas: precisase con urxencia dous ordenadores portátiles, un para Paradela (xa que o que temos non se lle ve a pantalla) e San Vicente (xa que é un ordenador antiquísimo e reciclado que nos enviaron da UAC para suplir un roubo)

-A nivel de servizos dixitais educativos:

- Protección antivirus para tódolos equipos do CRA
- Apps educativas para as tablets, tanto para o traballo co alumnado de Xuntanzas, alumnado das aulas en xeral e alumnado con necesidades educativas especiais e alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.
- Programas de edición de vídeo e audio para o traballo dentro do Maker Espace da Biblioteca.

4. Avaliación do plan

Para poder avaliar o plan, será necesario medir o grao de consecución dos obxectivos propostos. Tamén será necesario comprobar a efectividade das actuacións levadas a cabo.

Para iso, a avaliación desenvolverase de dous momentos:

- Primeiro levarase a cabo unha **avaliación procesual** que se realizará como mínimo unha vez ao trimestre. Nesta avaliación, os aspectos a valorar incluírán o estado da execución das accións, a análise e valoración dos resultados e, de ser o caso, as posibles modificacións das accións e as propostas de mellora.
- Despois levarase a cabo unha **avaliación final** que se realizará como mínimo unha vez ao ano. Nesta avaliación, os aspectos a considerar incluírán, entre outros, a valoración do logro dos obxectivos e as propostas de mellora.

5. Difusión do plan

O Plan Dixital é un documento público do centro que estará a disposición das autoridades educativas e poderá ser consultado por calquera membro da comunidade educativa. Dito plan será obxecto de difusión da seguinte maneira:

- Presentarase en claustro a todo o persoal docente.
- Presentarase en consello escolar a tódolos seus membros.
- Publicarase na web e informarase por AbalarMobil.
- Será enviado á ANPA para que utilice nas súas canles de difusión.
- Haberá unha copia en papel na sede do CRA.